

# CALENDARIO *toponímico*



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

IES DE RIBADEO  
DIONISIO GAMALLO

L	M	Me	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

*xaneiro*

## *A Devesa*

Procede do lat. DEFENSAM e adoita significar 'bosque en terreo comunal'.

L. Carrasco e G. Navaza indican que no litoral é frecuente que se refira a bosques expropiados para fornecer de madeira a construción naval. Aínda que as referencias que hai en documentación antiga non apuntan a que a Devesa ribadense sexa un destes casos, non sabemos se foi real antes de ser particular.

Algúns autores engaden o matiz de que ese bosque estaría "defendido cunha cerca", co cal o seu significado parece máis transparente.



# *A Bevesa*



L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28			

febreiro

## Arante

E. Bascuas e outros estudiosos cren que o actual nome desta parroquia se refire á antiga denominación dun hidrónimo prerromano, posiblemente o actual río Grande.

O grupo *-nt-* é moi frecuente na hidronimia paleoeuropea. Relacionados con este nome están outros como *Arantón*, *Aranza*, etc.





*Arante*

L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

marzo

## Cedofeita

Aparece citada en varios documentos medievais como *Citofacta*. Todo parece indicar que deriva do adverbio latino CITO 'rapidamente, pronto' e o participio FACTA 'feita', en referencia á súa construción nun breve período de tempo.

É un topónimo que se repite con certa frecuencia para designar igrexas construídas rapidamente. En xeral, sitúanse entre os séculos VIII e X.



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

IES DE RIBADEO  
DIONISIO GAMALLO



# *Cedofeita*



L	M	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

abril

## Couxela

Topónimo estraño que non se atopa noutros lugares de Galicia.

En documentación antiga aparece, entre outras formas, atestado como *Coegela* e *Coiegela*.

Algúns autores buscan a súa orixe nunha variante de COVIUS, derivación de COVUS, mailo sufixo diminutivo -ELLA, polo cal estaría relacionado coa configuración do terreo, que forma unha pequena valgada. Neste sentido, o seu significado podería ser semellante ó de *Covelas*, só que en singular.

Con todo, esta explicación non resulta moi sólida.



*Louxela*

L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

maio

## Covelas

Hai certa controversia coa decisión de oficializar así este topónimo, debido á tradición de escribilo como *Cubelas*. Con todo, xa se atopa citado como *Covellas* en textos da catedral de Mondoñedo do século XIII.

En galego, a vacilación entre /o/ e /u/ átonos é frecuente porque son fonemas articulatoriamente próximos (*fociño / fuciño, andoriña / anduriña...*).

Pode proceder entón de COVUM, que non só significa 'cova', senón tamén 'valgada, val pequeno', mailo diminutivo -ELLAS, polo que pode referirse a un conxunto de pequenas valgadas.





# Covelas

L	M	Me	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

*xuño*

## *Ove*

En xeral, os estudosos coinciden en relacionar a súa orixe co tema prerromano *Euue*, que se refire á presenza de auga corrente.

Deste xeito, a orixe e o significado serían os mesmos cós do río Eo, co que tamén estarían emparentados outros hidrónimos coma *Eume*.



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

IES DE RIBADEO  
DIONISIO GAMALLO



*Ove*



L	M	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

xullo

## Piñeira

É clara a súa relación coa palabra latina PINUS 'piñeiro' ou con PINEA 'piña'. A terminación *-eira* (lat. *-ARIA*) indica colectivo, ou sexa, refírese á abundancia desta árbore ou do seu froito.



# *Piñeira*

L	M	Me	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

agosto

## Ribadeo

A primeira parte do topónimo procede do latín RIPA 'beira, ribeira, costa'.

A segunda parte, como xa indicamos para *Ove*, relaciónase co nome prerromano *Euue* e fai referencia á existencia de auga corrente.

O topónimo enténdese claramente se temos en conta a posición da vila, á beira do río Eo.





# Ribadeo

L	M	Me	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
<sup>23</sup> <sub>30</sub>	24	25	26	27	28	29

setembro

## Rinlo

Os poucos estudosos que se ocupan deste topónimo din que probablemente derive de \*RIVILLUS, diminutivo de *rivus* 'río', igual ca outros topónimos similares que se poden atopar polo territorio galego, como *Rilo* ou *Rinle*.



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

IES DE RIBADEO  
DIONISIO GAMALLO



# *Rinlo*



L	M	Me	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

outubro

## Vilaframil

A primeira parte do nome provén do latín VILLA que designaba unha explotación agrícola medieval que incluía a vivenda, outras dependencias e as terras próximas.

A segunda parte deriva do xenitivo do nome de orixe xermánica que levaba un antigo fundador ou poseor chamado *Framirus* ou *Fradamirus*.



# *Vilaframil*

L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

novembro

## Vilaselán

Como xa indicamos anteriormente, o latín VILLA, de onde deriva o galego 'vila', designaba unha explotación agrícola coa súa vivenda, as dependencias anexas e as terras próximas.

A segunda parte do topónimo podería provir do xenitivo SILLANII do nome *Sillanius* ou *Sillanus*, fundador ou poseedor desa 'vila'.

# *Vilaselán*





L	M	Me	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
<sup>23</sup> <sub>30</sub>	<sup>24</sup> <sub>31</sub>	25	26	27	28	29

decembro

## Vilausende

Coma nos casos anteriores, estamos ante un topónimo formado por dúas partes.


O comezo deriva do latín VILLA, que designaba unha explotación medieval agrícola, coa vivenda, construcións anexas e terras de cultivo.

A segunda parte responde ó xenitivo do nome do fundador ou poseedor desa explotación, neste caso *Ausendus* ou *Adosindus*, antropónimo de orixe sueva.





# *Cilausende*



IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO